

MEMORIA DE XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

**APOIO AO PROCESO DE
DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO LOCAL
EN MOZAMBIQUE (PROGRAMA ART-
PAPDEL)**

Ano 2010

INFORME TÉCNICO FINAL

1. DATOS DE PRESENTACIÓN DO PROXECTO

TÍTULO DO PROXECTO	APOIO AO PROCESO DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO LOCAL EN MOZAMBIQUE (PROGRAMA ART-PAPDEL)		
PAÍS	Mozambique	ÁREA XEOGRÁFICA	Provincia de Maputo
PRESUPOSTO TOTAL	66.071,91€	ACHEGA CONCELLO DE VIGO	15.000€
PERÍODO QUE COBRE O INFORME:	Novembro – Decembro de 2010	DATA DE ELABORACIÓN	31 de Decembro de 2010
ENTIDADE BENEFICIARIA	FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE		
ENTIDADE EXECUTORA:	Ministerio da Administración Estatal de Mozambique Dirección Nacional de Promoción do Desenvolvemento Rural (DNPDR)		
NOME E CARGO DA PERSOA RESPONSABLE DO INFORME	Andrea Manuela García Corzo Técnica de proxectos do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade		
PERSOA DE CONTACTO	Andrea Manuela García Corzo Técnica de proxectos do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade		
TEL FAX PERSOA DE CONTACTO:	986 357 238		
MAIL PERSOA DE CONTACTO:	acorzo@igadi.org		
RESUMEN DO INFORME			
<p>O presente informe corresponde ao 60% da execución do proxecto. Varios motivos que pasaremos a describir a continuación provocaron a demora na execución, e polo tanto do gasto realizado ata o de agora. Este feito non inflúe na subvención concedida polo Excmo Concello de Vigo, posto que o orzamento comprometido por esta entidade foi executado segundo o establecían as bases do convenio. En total, o gasto realizado ata o de agora é de 36.959 €, fronte aos .643 € que se tiñan planificado gastar no ano 2010. A demora na execución do proxecto foi debida, sobre todo, a demoras nos procesos burocráticos internos do PNUD (parceiro local) así como a impedimentos que foron xurdindo dentro do propio contexto mozambicano (crise política interna, revoltas). A pesar de que o proxecto comezou con bastante retraso, mantivo na súa planificación as actividades previstas inicialmente. Neste contexto, e concordante co plano de actividades, puxéronse en marcha as seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Fortalecemento institucional do Departamento de Promoción do Desenvolvemento Rural da Dirección Provincial de Maputo de Planificación e Finanzas - Inserción da abordaxe de Desenvolvemento Económico Local nos procesos de planificación territorial estratéxica (Planos Estratéxicos Distritais de Desenvolvemento-PEDD-) <p>Apoio e capacitación ás iniciativas empresariais (beneficiarias/os do Fondo de Desenvolvemento Distrital- FDD-)</p> <p>Mecanismos de articulación locais establecidos (Grupos de Traballo do DEL⁰ ao provincial e nos Distritos de Namaacha, Boane, Matutuine e Mahiça)</p>			

- O sistema de xestión do coñecemento ten sido iniciado coa elaboración e adecuación da metodoloxía do DEL

Finalmente, o sistema de xestión do programa ten sido establecido e en funcionamento tanto na Axencia de Desenvolvemento Económico Local de Maputo Provincia como no Departamento de Promoción do Desenvolvemento Rural.

Prevese que as actividades continúen ata o mes de abril, momento en que se dará por concluído o proxecto. No apartado do cronograma (páxina 16 do informe) podemos apreciar os axustes levados a cabo nas actividades.

Selo de
Registro

Baiona, 15/03/2011

Asinado: Andrea Manuela García Corzo

2. DURACIÓN:

DATA DE INICIO: 01 de novembro de 2010

DATA DE FINALIZACIÓN: 30 de abril de 2011

PERÍODO TOTAL DE EXECUCIÓN: 06 meses

3. FINANCIAMENTO TOTAL

CUSTO TOTAL: 100.000€

ACHEGA CONCELLO DE VIGO: 15.000€

OUTRAS ACHEGAS:

- **FONDO GALEGO:** 26.043,04€

DEPUTACIÓN DE LUGO: 17.700€

CONCELLERÍA DE ALCALDÍA DO CONCELLO DE PONTEVEDRA: 3.600€
GOBERNO DE MOZAMBIQUE: 3.428,87€

4. DESCRICIÓN DO PROXECTO E MECANISMOS DE EXECUCIÓN

DESCRICIÓN DO PROXECTO

O Programa de Apoio ó Proceso de Desenvolvemento Económico Local en Mozambique (ART-PAPDEL) é unha iniciativa do Programas das Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD), que en Mozambique se constitúe como un enfoque complementario ao Proceso de Planificación e Financiamento Descentralizados, a través da inserción da temática do Desenvolvemento Económico Local (DEL) no proceso de planificación estratéxica participativa, propiciando a construción dunha plataforma de articulación territorial a partir das potencialidades dos territorios mozambicanos. A duración prevista do programa no que se inserta o proxecto aquí presentado é de 3 anos, correspondendo este proxecto ao segundo ano de execución.

A premisa inicial é que o ART-PAPDEL é un programa complementario ao Programa de Planificación Participativa e Finanzas Descentralizadas (PPFD ou PNPFD) aplicada hai máis de dez anos no país. É importante salientar que o PPFD tivo como virtude máxima, a través da súa metodoloxía participativa, a priorización da reconstrución da infraestrutura dos servizos públicos destruída nos 16 anos de guerra interna, propiciando a reconstrución e/ou rehabilitación de escolas, centros de saúde, hospitais, sistemas de auga potable, estradas veciñais, pequenos regadíos, incluso mercados e algunhas obras de infraestrutura produtiva, como estanques contra carrachos entre outras. Todo este proceso foi asumido pola abordaxe de Desenvolvemento Económico Local (DEL) para así completar o círculo virtuoso do desenvolvemento, asumido oportunamente polo Goberno de Mozambique a partir do ano 2006 coa introdución do Orzamento de Investimento de Iniciativa Local (OIIL), cunha primeira contribución de 7 millóns por distrito destinados a aquelas/es emprendedoras/es emerxentes que, polas esixencias dos requisitos das entidades bancarias e de micro finanzas, nunca terían acceso a crédito. En consecuencia, se fixo absolutamente necesaria a adopción dunha abordaxe estruturada do Desenvolvemento Económico Local (DEL) a ser inserido no proceso de Planificación Estratéxica e Operativa anual do territorio distrital para xestionar adecuadamente os recursos facilitados. Isto constitúese como o desafío maior do programa, que se verá traducido na adecuada identificación das potencialidades e dimensionamento das mesmas, a descrición participativa e inclusiva das súas cadeas de valor e as oportunidades de negocio, así coma o correspondente marketing territorial que promova o desenvolvemento económico dos diferentes distritos e municipios.

Para levar a cabo este proxecto foi deseñada unha estrutura operacional, que ratifica a apropiación do Goberno en absoluta consonancia coa declaración de París e que foi asumida no PNUD como un programa de execución de responsabilidade nacional.

Como o programa ART-PAPDEL en Mozambique vén a responder a unha demanda específica do goberno como é o desenvolvemento económico local, fíxose obvia a necesidade da integración do programa na estrutura do goberno. Nese contexto a estrutura operacional do programa foi absorbida pola estrutura oficial do Ministerio da Planificación e Desenvolvemento, sendo coordinado a nivel central pola Dirección Nacional de Promoción do Desenvolvemento Rural (DNPDR). A nivel provincial o programa está inserido nos Departamentos de Promoción do Desenvolvemento Rural (DPDR) das Direccións Provinciais de Planificación e Finanzas, onde están afectas/os as/os asesoras/es do DEL, contratadas/os no ámbito do ART-PAPDEL. Consideramos que esta é unha boa práctica de apropiación e de transferencia de coñecemento (creación de capacidade técnica institucional), que permitirá garantir a continuidade das actividades aplicadas polo ART-

PAPDEL, tras o seu término.

A abordaxe do programa ADEL en Mozambique foi institucionalizada pola DNPDR, adscrito ó Ministerio da Administración Estatal, e está baseado nos seguintes principios:

- Construción dun sistema de competitividade territorial, a partir do ciclo de produción, incluíndo ás familias nas varias formas de integración territorial e de coordinación (cadeas de valor)
- Diversificación das fontes de emprego, maior integración das actividades económicas nas zonas rurais e aumento da articulación cos centros urbanos
- Reforzar o poder de negociación das organizacións e capacitación de produtoras/es para participar na estratexia de desenvolvemento económico local
- Participación activa nas políticas sociais, especialmente educación, saúde e seguridade alimentaría
- Prestación de servizos de infraestruturas básicas para o investimento, xunto co investimento no ser humano, a nivel natural, cultural e social.

Para responder a este desafío, a estratexia da intervención do Proxecto identificará as potencialidades e a súa dimensión, elaborará participativamente as cadeas de valor e identificará as oportunidades de negocio e marketing territorial dos distritos da Provincia de Maputo a partir do fortalecemento institucional das DPDR e ADEL (Axencia de Desenvolvemento Económico Local), dos Gobernos Locais e organizacións da sociedade civil e da promoción da iniciativas das emprendedoras e emprendedores a nivel local identificadas.

O Proxecto pretende facilitar a creación das condicións que permitan a poboación máis pobre saír dun nivel de subsistencia para un de xeración de rendemento e riqueza e ao territorio propiciar a súa maior competitividade. Neste sentido, as intervencións realízanse dentro dunha lóxica de piloto (efecto demostrativo), para facilitar a súa replicabilidade, en base aos vectores DEL que estimulan a competitividade territorial a través da súa implementación.

A misión do proxecto é contribuír á redución da pobreza e alcance das Metas de Desenvolvemento do Milenio (ODM) en Mozambique, promovendo a estratexia de Desenvolvemento Económico Local, a través do apoio á ADEL da Provincia de Maputo e á Rede Nacional das ADEL para dinamizar a economía local, crear emprego e receita familiares.

O proxecto ten unha metodoloxía de intervención territorial desde o local até o internacional da seguinte maneira: compoñente local (obxectivo 1) para mellorar a capacidade local para revitalizar a economía local, unha compoñente nacional (obxectivo 2) para apoiar a coordinación de recursos para o desenvolvemento local e a sustentabilidade, e unha compoñente internacional (presente no abrigo dos obxectivos 2 e 3) a internacionalización da experiencia así como promover parcerías internacionais.

AVANCE DE EXECUCIÓN DO PROXECTO

O proxecto, planificado para ser executado de xullo a decembro de 2010, sufriu demoras debidas fundamentalmente a dous motivos que están fóra do propio control do proxecto:

- As demoras da burocracia interna do PNUD, que non realizou a primeira transferencia correspondente ao 60% do proxecto ata novembro de 2010, co que o programa "ART-PAPDEL Mozambique" non puido dar inicio ás actividades por falta de recursos económicos.
- Crise política e financeira que sufriu Mozambique no ano 2010 e que derivou no mes de setembro en saqueos e en situacións de conflito dentro do país. A cidade de Maputo resultou ser o centro clave das revoltas cidadás.

A pesares disto, o proxecto deu inicio no pasado mes de novembro, e aínda que é obvio o

retraso nas actividades podemos afirmar que o proxecto está a decorrer correctamente sen atopar maiores dificultades, se ben e certo que a data de finalización do mesmo veuse afectada. O gasto a realizar no ano 2010 provinte da subvención concedida pola Excma Deputación de Lugo e polo Excmo Concello de Vigo foi realizado tal e como fora acordado (no exercicio anterior), se ben para este ano 2011 quedan por realizar os restantes gastos relativos ao proxecto.

As actividades postas en marcha e cofinanciadas co apoio da Excma Deputación de Lugo e polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade foron as seguintes:

- 1) Proceso de diagnóstico da Axencia de Desenvolvemento Económico Local de Maputo: efectuouse o fortalecemento institucional tanto do Departamento de Promoción do Desenvolvemento Rural da Dirección Provincial de Plano e Finanzas como da ADEL Maputo, e foron realizadas xornadas de capacitación ao persoal funcionario e técnico da ADEL e DPDR.
- 2) No proceso de inserción do DEL (Desenvolvemento Económico Local) nos procesos de planificación estratéxica territorial foron realizados seminarios de capacitación inicialmente aos técnicos do DPDR e da ADEL (formador de formadores en DEL) e dita formación está sendo replicada nos 4 distritos abrangidos polo programa (Matutuine, Namaacha, Boane e Manhiça).
- 3) O apoio ás iniciativas empresariais a través da capacitación dos intervenientes do Fondo Distrital de Desenvolvemento FDD (Beneficiarios, membros do Consello Consultivo Distrital, Xefes e técnicos do Servizo Distrital de Actividades Económicas, Administradores Distritais, Funcionarios e Técnicos do DPDR e ADEL).
- 4) Foron constituídos os Grupos de Traballo do Nivel Provincial e Distrital onde están a analizar os documentos dos Planos Estratéxicos Distritais de Desenvolvemento así como as potencialidades. Os Grupos de Traballo son un mecanismo idóneo de discusión onde interveñen todos os actores do DEL, tanto públicos como privados, comunitarios e da sociedade civil.
- 5) Tense iniciado o proceso de recolla e análise de información para a base de datos do DEL.
- 6) Iniciouse o proceso de consulta e discusión dos 7 piares do enfoque estratéxico do DEL que será a base filosófica da elaboración do Plano Estratéxico Provincial do DEL.
- 7) Estableceuse o sistema de xestión do programa tanto no Departamento de Promoción do Desenvolvemento Rural como na Axencia de Desenvolvemento Económico Local de Maputo Provincia.

5. OBXECTIVOS PROPOSTOS E GRAO DE CUMPRIMENTO

OBXECTIVO XERAL (OX)

O obxectivo estratéxico do Programa ART-PAPDEL busca operacionalizar o Plano de Acción para a Redución da Pobreza Absoluta para 2006-2009 (PARPA II), que, entre outros, preconiza "o desenvolvemento rural como o proceso de melloría das condicións de vida e de transformación pro-rural do patrón de creación e acumulación de riqueza en Mozambique". Este obxectivo está en conformidade co Obxectivo Xeral 1 do UNDAF, que pretende "desenvolver as capacidades institucionais dos territorios nos distintos niveis, para o apoio articulado á promoción da economía local baseada no aproveitamento sustentábel das súas potencialidades".

OBXECTIVO ESPECIFICO (OE)

O1: Reforzadas as capacidades técnicas, humanas e institucionais do Desenvolvemento Económico Local nos distintos niveis territoriais de intervención.

O2: Impulsada a articulación dos distintos actores do proceso de Desenvolvemento Económico Local

INDICADORES previstos DO OE

1. Numero de capacitacións realizadas no Desenvolvemento Económico Local

Número de mecanismos artelladores creados e reforzados dos distintos actores no proceso de desenvolvemento económico local constituídos e fortalecidos

LOGRO DE INDICADORES

1. Realizados 4 eventos de capacitación para os funcionarios de DPDR e os técnicos da ADEL Maputo en Desenvolvemento Económico Local
2. Constituídos os Grupos de Traballo Distrital para coordinación do proceso de desenvolvemento económico local na Provincia de Maputo.

<p>RESULTADOS previstos</p> <p>R1: Fortalecidas as institucións nacionais e locais relevantes para o DEL R2: Inserido nos procesos de planificación local a abordaxe DEL R3: Promovidas e apoiadas as iniciativas empresariais</p> <p>R5: Aplicado a nivel local o sistema de xestión do DEL R4: Establecidos mecanismos de articulación locais, nacionais e internacionais</p> <p>R6: Elaborada e aprobada a Estratexia Nacional do DEL</p> <p>R7: Posto en marcha o sistema de xestión do programa DEL</p>	
---	--

RESULTADOS previstos E GRAO DE CUMPRIMENTO

<p>INDICADORES p1</p> <p>a) Polo reforz DPDR fortalecido Polo menos 1 est elaborados</p> <p>b) Polo menos 01 incubadoras estabelecidas</p>	<p>a) 65%. Reforzada ADEL Maputo con asistencia técnica e capacitacións</p> <p>b) 70%. Realizadas capacitacións en DEL e xestión do programa na DPDR Maputo</p> <p>b) 70%. 4 encontros realizados pola DNPDR</p>	<p>Os indicadores c e d serán abordados no seguinte período de execución.</p>
--	--	---

<p>INDICADORES </p> <p>¿LOGRO DE INDICADORES</p> <p>a) 60%. 2 capacitacións realizadas a nivel provincial e distrital aos gobernos locais en materia de DEL de valor</p> <p>b) Polo menos 2 Planos Estratéxicos Distritais de Desenvolvemento inclúen a abordaxe DEL (PEDD)</p>	<p>O cumprimento do primeiro e segundo indicador será realizado ao finalizar o proxecto, unha vez realizadas tódalas actividades.</p>
--	---

<p>INDICADORES previstos DO R3</p> <p>a) 5 iniciativas empresariais (das cales 6 contan con socias mulleres) con apoio de asistencia técnica das ADEL e o FDD da provincia de Maputo apoiadas e</p>	<p>LOGRO DE INDICADORES</p> <p>Durante este primeiro período ADEL Maputo capacitouse en DEL para poder promover e apoiar en calidade ás diferentes iniciativas empresariais</p>
---	---

<p>con estrutura empresarial 30 beneficiarias/os do FDD da provincia de Maputo, das cales o 30% son mulleres, resultan capacitadas en formación empresarial 1 proxecto de impacto inmediato na provincia de Maputo financiados e aplicados 5 mulleres aplican proxectos de FDD na Provincia de Maputo</p>	<p>detectadas a partir de febreiro.</p> <p>O logro dos indicadores propostos poderá ser observado ao finalizar o proxecto.</p>
<p>INDICADORES previstos R4</p> <p>a) 1 Grupo de Traballo Distrital establecido na provincia de Maputo b) Polo menos 2 Grupos de Traballo Distritais establecidos na Provincia da Maputo c) Polo menos 2 Grupos de Traballo Municipais establecidos na Provincia de Maputo d) Sector publico e privado e OSC representados e con participación activa na Provincia de Maputo. e) Representación e participación activa das OSC, e dos sectores privado e público f) Polo menos unha misión internacional por parte do Fondo Galego organizada en Mozambique O Fondo Galego participan nunha misión internacional en Mozambique durante os meses de outubro e novembro durante 4 días para a monitoria do proxecto. g) Polo menos unha participación de Mozambique en reunións internacionais no ámbito da iniciativa ART</p>	<p>LOGRO DE INDICADORES</p> <p>70%. Creados catro grupos de traballo como mecanismos artelladores en materia DEL a nivel provincial</p> <p>Os indicadores d, e, f, g serán atinxidos ao finalizar o proxecto, unha vez realizadas tódalas actividades.</p>
<p>INDICADORES previstos R5</p> <p>a) Polo menos 01 distrito insire o DEL nos currículos locais b) Polo menos 1 innovación nacional premiada e divulgada internacionalmente c) Boas prácticas, leccións aprendidas e os materiais metodolóxicos sistematizados e divulgados</p>	<p>LOGRO DE INDICADORES</p> <p>30%. Realizados os primeiros diagnósticos previos á elaboración final</p> <p>Os indicadores a, e, c serán atinxidos ao finalizar o proxecto, unha vez realizadas tódalas actividades.</p>
<p>INDICADORES previstos R6</p> <p>a) Planificación Estratéxica de DEL provincial elaborado de forma participativa e aprobado polo</p>	<p>LOGRO DE INDICADORES</p> <p>30%. Realizouse a primeira reunión de discusión dos 7 piares do enfoque estratéxico do DEL</p>

Goberno (previsto para 2011)	
INDICADORES previstos R7 a) Polo menos 80% das metas do Programa atinxidas Sistema de xestión de coñecemento establecido e actualizado permanentemente	LOGRO DE INDICADORES 80%. Estabelecidos os sistemas de xestión do programa tanto ao nivel da DPDR como da ADEL Maputo

6. ACTIVIDADES REALIZADAS E GRAO DE EXECUCIÓN

ACTIVIDADES previstas	GRAO DE EXECUCIÓN
<p>A1 Capacitar a ADEL e DPDR na elaboración de estudos de viabilidade para a constitución de iniciativas económicas locais emerxentes para a implementación dos investimentos distritais (público e privado).</p> <p>Serán realizados módulos de capacitación sobre temática DEL (vectores DEL, xestión de negocios, cadeas de valor) na rexión Norte destinados ás/ós formadoras/es do persoal das ADEL e DPDRs durante os 6 meses de duración do proxecto. As capacitacións van incluír trocos de experiencias de carácter técnico entre os DPDR e as ADEL con traballo efectivo de campo.</p> <p>A meta é crear capacidades sustentables na ADEL e nos Departamentos de Promoción do Desenvolvemento Rural coa finalidade de que se elaboren estudos de viabilidade para a constitución de iniciativas económicas locais emerxentes para a implementación dos investimentos distritais. Para iso farase un orzamento dos recursos financeiros destinados ó fortalecemento institucional dos Departamentos de Promoción do Desenvolvemento Rural de todos os distritos da provincia de Maputo. O orzamento responderá especificamente a viaxes, dietas e sesións de capacitación relacionadas coas capacitacións do persoal estreitamente relacionadas co DEL.</p>	<p>Ten sido elaborada a ficha de diagnóstico da ADEL e feito as primeiras reflexións 50%</p>
<p>A2 Realizar os estudos de viabilidade sobre o establecemento de incubadoras de empresas, tecnocentros, maquicentros e centros tecnolóxicos (agronegocios) a seren xestionados polo Estado, pola ADEL ou mediante outra modalidade de xestión.</p> <p>Realizaranse un estudo de mercado previos por parte de</p>	<p>Foi fornecido equipamento informático 100%</p>

<p>DPDR e ADEL, en articulación cos municipios, INEFP, DPIC, DPT, INE, etc., incluíndo unha análise do desempeño dos sectores primario (agricultura e pesca), secundario (industria), e terciario (comercio, turismo e outros servizos), así coma unha análise da economía informal e do emprendedorismo. Así, misións de asistencia técnica serán activadas a partir da cooperación descentralizada para elaborar os estudos de viabilidade.</p> <p>O Técnico Temático de Proxectos, Estudos de Viabilidade e Marketing Territorial deberá presentar a proposta metodolóxica para a realización dos estudos de viabilidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> • <p>RECURSOS CUSTOS</p>	
<p>A3 Capacitar ós Governos Locais e Consellos Consultivos na identificación de potencialidades, vectores DEL, cadeas de valor e marketing territorial.</p> <p>Esta actividade será realizada a través de equipos mixtos que inclúen o persoal do DPDR, da ADEL-MAPUTO e do PPF. O equipo é responsable da preparación e de impartir as capacitacións en identificación de potencialidades, vectores DEL, cadeas de valor e marketing territorial durante o proxecto. Prevese unha asistencia de 100 persoas locais.</p>	<p>Elabórase e asínouse o Convenio con ADEL-Maputo 100%. Foron capacitados os funcionarios da DPDR e os Técnicos da ADEL Maputo en metodoloxía de inserción do DEL, capacitación replicada ao nivel dos 4 distritos piloto 60%.</p> <p>Foron capacitados 24 Beneficiarios do FDD, 8 membros dos Consellos Consultivos Distritais, 2 Técnicos da DPDR, 1 Técnico da ADEL e 8 Técnicos do Servizo Distrital de Actividades Económicas. 100%</p>
<p>A4 Capacitar e asistir tecnicamente ós empresarios locais (potenciais e actuais) en xestión e produción.</p> <p>Esta actividade é unha das principais responsabilidades das Axencias de Desenvolvemento Económico Local. Os técnicos das DPDR´s ART-PAPDEL deberán ser os capacitadores dos Servizos Distritais de Actividades Económicas e das Institucións da sociedade civil que interveñen no territorio distrital, para establecer minimamente os contidos das capacitacións (mínimo unha capacitación en desenvolvemento económico local, cadeas de valor, potencialidades para 100 persoas).</p>	<p>Foi realizado un evento de capacitación a 15 funcionarios e técnicos do DPDR e a ADEL Maputo para a articulación do investimento público coas micro e pequenas empresas 40%</p>

<p>O Oficial Temático de Proxectos é o responsable da elaboración dos Guións Metodolóxicos e Pedagóxicos para harmonizar as capacitacións sexa a través da DPDR´s ou das ADEL´s u outra institucións de formación e capacitación.</p>	
<p>A5 Proceder á análise da viabilidade socioeconómica dos proxectos para a súa debida aprobación</p> <p>Actividade a ser realizada pola ADEL, DPDR/ART-PAPDEL, DPOPH e outras institucións de asistencia técnica e capacitación.</p> <p>Estabelecerase unha estreita coordinación coas Autoridades Locais a través de reunións participativas e grupos de traballo distritais, para definir as áreas de intervención e a necesidade de orzamentar no propio distrito recursos na rúbrica Consultaría Residente e Non Residente, que posibiliten a contratación de profesionais e/ou institucións especializadas nos estudos de viabilidade.</p> <p>Apoiarase á articulación con institucións de ensino técnico e superior profesional durante o período do proxecto, para establecer convenios co Distrito para a realización dos estudos de viabilidade.</p> <p>O Técnico Temático de Proxectos, Estudos de Viabilidade e Marketing Territorial deberá presentar a proposta metodolóxica para a realización dos estudos de viabilidade e así coordinar a intervención de todos os actores. Existe xa un Guión de Capacitación para todos os actores do OIIL que é un compilado de textos de capacitación utilizados polas ADEL e que provén da OIT.</p>	<p>Actividade a ser realizada en febreiro de 2011</p>
<p>A6 Financiar proxectos concretos que beneficien as capas vulnerábeis (anciáns, minusválidos físicos e outros) da poboación e garantan o empoderamento da muller.</p> <p>O DPDR e a ADEL-Maputo (ou ONGDs locais) prestan asistencia técnica e capacitación aos gobernos locais e aos empresarios emerxentes para:</p> <ol style="list-style-type: none"> a. Identificación de proxectos. b. Análises de impacto e estudos de viabilidade, incluíndo modalidades de reembolso e suxestións de articulación nacional e internacional. c. Consideración por parte dos Consellos Consultivos e os gobernos locais. <p>A continuación, o dossier será enviado á DNPDR, e unha vez considerado será aplicado a partir do punto focal de proxectos de impacto e do CTA, que darán seguimento ao</p>	<p>Actividade a ser realizada en Febreiro de 2011</p>

<p>Proxecto. Despois serán establecidos os contactos para a articulación coas redes nacionais e internacionais. Prevese na provincia a realización de polo menos 1 proxecto cun custo máximo de investimento de US\$ 40.000.</p> <p>Esta actividade realizarase a partir de estudos de viabilidade técnica económica e financeira. Neste ámbito poderán ser financiados os denominados Proxectos de Impacto Inmediato que poderán ser financiados seguindo as seguintes premisas a) Ser económica e financeira viábeis e b) Ser só economicamente viábeis, sempre que o beneficio sexa a un conxunto de produtores especificamente e á comunidade en xeral, nunca se financiará proxectos de impacto de beneficien a unha persoa ou unha familia en particular. Xa existe un Guión para a concepción e execución dos Proxectos de Impacto Inmediato, onde se encontran as orientacións técnicas, preparado polo Técnico Temático de Proxectos que deberá reactualizarse e perfeccionarse continuamente até atinxir niveis excelente de execución. Estes proxectos poderán ser executados a través da sinatura de convenios, principalmente coas Administracións Distritais e as Cooperativas e Asociación de Empresas ou Microempresas Locais, podendo ser aínda Asociación de Campesiños de longa experiencia e non creada accidentalmente só para a implementación do proxecto de impacto. As mulleres e as capas máis desfavorecidas terán maiores privilexios para seren beneficiarias dos proxectos de impacto inmediato. Todos os convenios deberán establecer claramente os obxectivos e resultados a ser atinxidos sendo isto requisito imprescindible.</p>	
<p>A7 Crear o Grupo de Traballo DEL Nacional e apoiar a súa capacitación e funcionamento O Grupo de Traballo DEL Nacional xa foi creado en base ao Comité Interinstitucional de Desenvolvemento Económico Local (CIDEL) previamente creado pola Dirección Nacional de Promoción do Desenvolvemento Rural.</p>	
<p>A8 Realizar misións internacionais de transferencia de coñecemento en DEL incluíndo autoridades nacionais, provinciais, distritais e municipais, as ADEL e a Rede Nacional de ADEL. Estas actividades serán aplicadas durante a presente xestión, téndose previsto realizar a reunión internacional das ADEL´s e a promoción do ART-PAPDEL con outras cooperación descentralizadas, a celebrarse durante o mes de outubro en Cádiz organizado por ART</p>	

International.	
<p>A9 Elaborar materiais pedagóxicos en colaboración coa ADEL-MAPUTO para facilitar a inserción do DEL nos currículos locais</p> <p>Actividade a ser aplicada en absoluta coordinación co Instituto Nacional de Desenvolvemento da Educación do Ministerio de Educación de Mozambique para xerar metodoloxías de implementación e institucionalización dos currículos locais con contidos de Desenvolvemento Económico Local.</p>	<p>En proceso de elaboración os materiais pedagóxicos referidos ao DEL tomando como base as potencialidades locais.</p> <p>Actividade programada para 2011. En proceso de recolla de información e o deseño da páxina web</p>
<p>A10 Organizar eventos nacionais para repartición de coñecemento en DEL</p> <p>Os eventos nacionais (feiras, conferencias DEL, reunión de intercambio de experiencia) deberán contar con termos de referencia claros nos seus obxectivos, resultados e actividades que implique beneficios a todos os participantes e principalmente aos territorios que partillan o coñecemento.</p>	<p>Actividade programada para 2011</p>
<p>A11 Elaborar unha base de datos de DEL para sistematizar as boas practicas, leccións aprendidas e os materiais metodolóxicos do Programa</p> <p>Esta actividade deberá ser aplicada tomando como base a inventarización das moitas bases de datos que distintas institucións públicas xa posúen, para así aproveitar os datos xa existentes, desde os do Instituto Nacional de Estatística, Agricultura, Industria e Comercio, Pescas, Enerxía e Mineiros, DNPDR.</p> <p>A base de datos deberá ser deseñada en función da lóxica da Abordaxe Estratéxica do Desenvolvemento Económico Local e os seus 7 compoñentes; Encadramento Xurídico, Financiamento do DEL, Asistencia Técnica e Capacitación, Infraestrutura de Servizos á Producción e Comercialización (acceso á tecnoloxía), Mercados Internos e Externos (marketing territorial) e Educación para o Desenvolvemento.</p> <p>A implementación desta actividade poderá ser realizada a través da unidade de informática da DNPDR ou no seu defecto vía contratación de consultaría especializada que non só elabore a base de datos tamén deberá deseñar a páxina WEB do programa.</p>	<p>En proceso de recolla de información e o deseño da páxina web</p>

<p>A12 Elaborar de forma participativa o Plano Estratéxico do DEL</p> <p>A ENDEL (Estratexia Nacional DEL) terá como instrumento implementador un Plano Estratéxico onde se reflexionará sobre as accións internacionais, nacionais e locais que permitirán o desenvolvemento económico local no País.</p> <p>A provincia de Maputo terá a súa propia estratexia de desenvolvemento económico local en función das súas potencialidades, orientada polas políticas públicas que o Programa de Goberno xestiona ao respecto, debéndose converter ao final a ENDEL nunha política pública tras a súa implementación e experimentación nos niveis territoriais de provincia, distrito (posto administrativo e localidade) e municipio.</p>	<p>Realizouse a primeira reunión de discusión dos 7 piares do enfoque estratéxico do DEL 30%</p>
<p>Asistencia Técnica ao programa</p>	<p>Actividade en curso</p>
<p>Xestión do programa</p>	<p>Foron establecidos os sistemas de xestión do programa tanto ao nivel da DPDR como da ADEL</p>

	Cronograma previsto										
	Cronograma a executar										
Iniciativas empresariais promovidas e apoiadas	Capacitar e asistir tecnicamente ós empresarios locais (potenciais e actuais) en xestión e produción.										
	Cronograma previsto										
	Cronograma a executar										
	Proceder á análise da viabilidade socioeconómica dos proxectos para a súa debida aprobación										
	Cronograma previsto										
	Cronograma a executar										
	Financiar proxectos concretos que beneficien as capas vulnerábeis (anciáns, minusválidos físicos e outros) da poboación e garantan o empoderamento da muller.										
	Cronograma previsto										
	Cronograma a executar										
Mecanismos de articulación locais establecidos	Crear o Grupo de Traballo DEL Nacional e apoiar a súa capacitación e funcionamento										
	Cronograma previsto										
	Cronograma a executar										
	Realizar misións internacionais de transferencia										

	Cronograma a executar											
Sistema de xestión do programa establecido e en funcionamento	Asistencia Técnica ao programa											
	Cronograma previsto											
	Cronograma a executar											
	Xestión do programa											
	Cronograma previsto											
	Cronograma a executar											

8. EFICACIA E EFICIENCIA DO PROXECTO

A finais do mes de febreiro o proxecto recibiu o 60% dos fondos da contribución do Fondo Galego. Temos xa iniciado, desde os finais do ano pasado, o proceso de capacitación aos equipos técnicos de implementación do programa, tales como funcionarios da Dirección Provincial de Planificación e Finanzas no seu Departamento de Promoción de Desenvolvemento Rural e a técnicos da Axencia de Desenvolvemento Local de Maputo.

O cronograma de actividades ten sido afectado involuntariamente pola demora do desembolso, mais o persoal inmerso no proxecto esta comprometido.

O programa xa está en marcha e tanto a Provincia como os Distritos abrangidos están facilitando a súa mellor participación e contribución. O persoal non parou de traballar a pesar de non ter fondos. Iso mostra o compromiso que afecta positivamente ao proxecto.

12. VIABILIDADE, SOSTENIBILIDADE E PREPRODUTIVIDADE DO PROXECTO

Para o alcance dos obxectivos específicos, o Programa aposta pola creación de capacidades nunha perspectiva de medio-longo prazo. A modalidade de execución nacional constitúe en si unha forma de desenvolvemento das capacidades do Goberno para aplicar programas de desenvolvemento, garantindo a transferencia de capacidades técnicas para as estruturas governamentais e procurando asegurar que as mesmas sexan integradas como prácticas institucionais.

A abordaxe metodolóxica do proxecto en Mozambique é en si mesma un vehículo de sostibilidade da iniciativa, na medida en que traballa, cunha énfase conceptual e estrutural, a articulación dunha multiplicidade de temáticas e territorios, ben como de diversos actores a diversos niveis (local, nacional e internacional). Esta abordaxe dinamiza a interacción entre eses actores en torno a temáticas de interese de cooperación comúns, constituíndo redes dinámicas de coñecemento para apoio ao desenvolvemento, e en particular ao desenvolvemento económico local na provincia de Maputo.

O goberno de Mozambique está a facer todos os esforzos para absorber no seu cadro persoal relevante que fose recrutado a través do proxecto de modo a asegurar a retención das capacidades.

O envolvimento do Goberno ben como a súa contribución en especie tanto a nivel nacional como provincial é entendido como unha forma de apropiación do Programa e unha contribución para a súa sostibilidade.

13. ANÁLISE DA ESTRATEXIA DO PROXECTO

Como a estratexia está en fortalecer os coñecementos e habilidades dos beneficiarios e crear capacidades, tanto do sector público como privado (ADEL e outros) e da comunidade, a estratexia do proxecto visa garantir o bo funcionamento e a apropiación dos procesos participativos da poboación. Así, o Desenvolvemento Económico Local converterase nunha temática común de discusión e intrínseca nos procesos de gobernación local.

14. PARTICIPACIÓN E SATISFACCIÓN DAS BENEFICIARIAS E BENEFICIARIOS DO PROXECTO.

As persoas que se beneficiaron durante esta parte do proxecto son a ADEL de Maputo e os seus socios: institucións públicas e privadas da provincia, a REDEL e o Goberno de Mozambique. Todas estas instancias facilitaron e se comprometeron co apoio ás/os beneficiarias/os directas/os e aseguraron a sustentabilidade do proxecto. Tamén se beneficiarían os e as participantes dos grupos de traballo que indirectamente beneficiaron ás comunidades locais polos procesos económicos locais impulsados coa potenciación económica dos territorios, así coma os gobernos locais (municipalidades) da Provincia de Maputo. Así mesmo, a DPDR e as ADELS, en particular, son beneficiarias da formación en cuestións de desenvolvemento económico local (DEL).

As/os beneficiarias/os directas/os serán a nivel local as/os emprendedoras/es (previsto 200 mulleres e 150 homes) beneficiadas/os dos postos de traballo creados directa ou indirectamente os próximos anos. Así mesmo máis de 300 persoas se beneficiarán das capacitacións e da asistencia técnica dispoñibilizada co proxecto. As beneficiarias e beneficiarios indirectos serán as familias da poboación emprendedora, xa que se beneficiarían das capacidades adquiridas e do encaixe xerado.

17. RELACIÓN DE ANEXOS

1. Convenio asinado entre o Fondo Galego de Cooperación e o programa ART-PAPDEL das Nacións Unidas

1. RESUMO XERAL

ESTRUTURA DE COFINANCIAMENTO (EUROS)		
ENTIDADE	CONCEPTO	CANTIDADE
DEPUTACIÓN DE LUGO	Equipos e suministros	800€
	Imprevistos	700€
	Outros	14.611€
	Custos indirectos Fondo Galego	1.589€
GOBERNO DE MOZAMBIQUE	Funcionamento en terreo	3.428,87€
CONCELLO DE VIGO	Outros	14.000€
	Custos indirectos Fondo Galego	1.000€
CONCELLO DE PONTEVEDRA	Outros	3.348€
	Custos indirectos Fondo Galego	252€
FONDO GALEGO	Equipos e suministros	4.000€
	Persoal local	11.000€
	Outros	9.220,01€
	Custos indirectos Fondo Galego	1.823,03€
TOTAL		65.772€

2. ORZAMENTO SUBVENCIONADO EXECUTADO POR RESULTADOS (Á ACHEGA DO CONCELLO DE VIGO SÚMANSELLE AS ACHEGAS DO FONDO GALEGO)

ACTIVIDADE	ORZAMENTO PREVISTO	ORZAMENTO EXECUTADO
Resultado 1.1. Institucións locais relevantes para o DEL fortalecidas	19.500€	17.718€
Resultado 1.2. Abordaxe DEL inserida nos procesos de planificación local	19.143€	10.383€
Resultado 1.3. Iniciativas empresariais promovidas e apoiadas	11.365,98€	4.725€
Resultado 1.4. Mecanismos de articulación locais establecidos	6.200€	827€
Resultado 1.5. Sistema de xestión do coñecemento do DEL aplicado a nivel local.	1.000€	1.181€
Resultado 1.6. Estratexia Nacional do DEL elaborada e aprobada	0€	472€
Resultado 7: Sistema de xestión do programa establecido e en funcionamento	14.200€	1.654€
CUSTOS INDIRECTOS	4.664,03€	
	65.772€	36,960€